

PROGRAMACIÓN DE MÚSICA TRADICIONAL GALEGA




PROF: ÁNXELA VIDAL TRABADA

MÚSICA TRADICIONAL GALEGA

OBXECTIVOS

- Coñecer a música tradicional galega e comprendela como algo concreto e historicamente configurado, non abstracto e ahistórico, música dun pobo e dunha nación concreta e particular.
- Coñecer as fontes documentais da música tradicional galega.
- Adquirir ferramentas metodolóxicas básicas para o estudo e análise da música tradicional e das súas fontes documentais..
- Adquirir competencias rudimentares etnomusicolóxicas que permitan movérmonos con algún rigor no campo da música tradicional galega.
- Analizar e discutir o desenvolvemento e desaparecemento da música tradicional galega na época da sociedade industrial no seu contexto socio-político actual.
- Desenvolver un pensamento verdadeiramente crítico e un procesamento da información alicerzado no coñecemento da realidade histórica por unha banda e da investigación etnomusicolóxica por outra.



CONTIDOS

- Estudo da *Outra*: orixes do estudo de músicas distintas à tradición culta europea
- Conceptos elementais: relativismo cultural; etnocentrismo; emic/etic; observación participante; aculturación; etc.
- Música como obxecto e música como proceso.
- Da Musicoloxía comparada á etnomusicoloxía.
- Complementariedade da perspectiva antropolóxica e a perspectiva musicolóxica; A. Merriam e M. Hood
- Folclore: historia e representantes destacadas; semellanzas e diferenzas entre Folclore e etnomusicoloxía.
- Definición de música tradicional. As tentativas das diferentes autoras e escolas. Problemas, inconsistencias, certezas.
- Estudo da música tradicional galega desde Galiza: antes dos ss. XIX-XX. Antecedentes no pensamento dos humanistas galegos. O s. XIX. O Rexurdimento e a música tradicional.
- Estudo da música tradicional galega desde Galiza: Casto Sampedro e o Cancioneiro Musical da Galiza; Xesús Bal Gay e o Cancioneiro Galego.
- Estudo da música tradicional galega desde Galiza: outros cancioneros.
- Estudo da música tradicional galega desde Galiza: Dorothé Schubart.
- Xéneros: muiñeira e xota. Cantos arcaicos, cantos modernos, e proceso de aculturación na tradición galega.
- O obxecto musical: análise musical da 'peza' de música tradicional tal e como recollida nos cancioneros; ferramentas básicas de análise schenkeriana.

TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS

1ª Avaliación: Introducción teórica.

- Estudo da Outra: orixes do estudo de músicas distintas à tradición culta europea.
- Conceptos elementais: relativismo cultural; etnocentrismo; emic/etic; observación participante; aculturación; etc...
- Música como obxecto e música como proceso.
- Da Musicoloxía comparada á etnomusicoloxía.
- Complementariedade da perspectiva antropolóxica e a perspectiva musicolóxica; A. Merriam e M. Hood.
- Folclore: historia e representantes destacadas; semellanzas e diferenzas entre Folclore e etnomusicoloxía.
- Definición de música tradicional. As tentativas das diferentes autoras e escolas. Problemas, inconsistencias, certezas.

2ª Avaliación: O noso caso particular; fontes e estudo da música tradicional da Galiza.

- Estudo da música tradicional galega desde Galiza: antes dos ss. XIX-XX. Antecedentes no pensamento dos humanistas galegos. O s. XIX. O Rexurdimento e a música tradicional.
- Estudo da música tradicional galega desde Galiza: Casto Sampedro e o Cancioneiro Musical da Galiza; Xesús Bal Gay e o Cancioneiro Galego.
- Estudo da música tradicional galega desde Galiza: outros cancioneros.
- Estudo da música tradicional galega desde Galiza: Dorothé Schubart.
- Xéneros: muiñeira e xota. Cantos arcaicos, cantos modernos, e proceso de aculturación na tradición galega.

3ª Avaliación: Análise.

- O obxecto musical: análise musical da 'peza' de música tradicional tal e como recollida nos cancioneiros; ferramentas básicas de análise schenkeriana.


AVALIACIÓN

A avaliación das alumnas e alumnos farase tendo en conta tres aspectos:

✚ Participación en sala de aula. Non se pretende unha participación en termos simplemente cuantitativos. Mais importante será a dimensión cualitativa da intervención, na que se demostre un pensamento crítico por riba dunha mera repetición de datos ou textos.

✚ Elaboración en tempo e forma dos traballos requeridos pola profesora.

✚ Exame periódico no que se demostre o dominio dos contidos e a progresiva consecución dos obxectivos.



Faltas de asistencia/ perda do dereito

a avaliación continua:

No caso de que o alumnado acumule 6 ou máis faltas de asistencia ás clases desta materia perderá o dereito á avaliación continua e deberá presentarse a un exame final no que terá que demostrar o dominio dos contidos e obxectivos fixados nesta programación.

